

COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

Data: 4 de setembro de 2019

Hora de inicio/hora de remate: 10:10h / 10:57 h

Lugar: Sala de reunións do edificio Exeria

Membros:

Pola Universidade:

- Raquel María Souto García (Xerenta)
- José González Groba (Vicexerente) (disculpa asistencia)
- Antonia Melón Amor
- Óscar Crespo Damota (secretario)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- Marcos Estévez Orge (sustitúe a José Estévez Vázquez)
- Federico Fernández Fernández (sustitúe a Carlos Román

Lago)

- Luís Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:

- Xoan M. Cebro Rodríguez (ausente)
- Henrique Macías Cambra (disculpa asistencia)
- José Manuel Sónora Abeijón

Pola Xunta de PDI:

- Generosa Fernández Manín
- Xavier Roca Pardiñas (ausente)
- José Carlos Álvarez Villamarín (ausente)

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Begoña González de Prado
- Javier Lorenzo Paniagua (disculpa asistencia)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (21/03/2019)
2. Autorización de gasto para Campus Camp 2019.
3. Valoración das solicitudes, aprobación de criterios, toma de decisións e incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2018. (Anexo I e II)
4. Informe anticipos concedidos 2018.
5. Aprobación da convocatoria e solicitude de Axudas Fondo Social 2019 (gastos 2018).
6. Rogos e preguntas.
7. Aprobación da acta.

A Xerenta da comezo á reunión.

Luís Pérez quere preguntar unha dúbida que lle consultaron que non ten relación coa orde do día. A consulta é respecto a unha instrución xerencial que fai referencia á matrícula gratuíta para o persoal da universidade de Vigo e a documentación que habería que presentar no caso en que non se estude nesta universidade senón, por exemplo, na universidade de Santiago.

A xefa do servizo de retribucións aclara que cada universidade publica a súa instrución a ese respecto, que a Universidade de Santiago e a de Coruña comunicannos cales son os estudantes que estarían incluídos nesa resolución. A Xerenta remíteo ao Servizo de Bolsas para que lle aclaren con seguridade cal sería o procedemento de tratarse dunha universidade distinta á de Vigo.

1. Aprobación da acta da reunión anterior (21/3/2019).

A Xerenta comeza preguntando aos membros da comisión se aprobaban a acta anterior.

A xefa do servizo de retribucións informa aos presentes de que non houbo alegacións á acta.

Dáse por aprobada a acta coa abstención de Federico Fernández, quen substitúe a Carlos Román Lago, porque non estivo na reunión anterior.

2. Autorización de gasto para Campus Camp 2019.

A xefa do servizo de retribucións informa de cal é a cantidade destinada a este fin (2.224,28 €), e apunta que dende anos sempre se ven aprobando nesta Comisión una contía similar.

Coa aprobación de todos os membros presentes, a Xerenta da por aprobado este gasto.

3. Valoración das solicitudes, aprobación de criterios, toma de decisións e incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2018. (Anexo I e II)

A xefa do servizo de Retribucións comeza tratando as dúas solicitudes de gafas de sol graduadas e informa aos presentes que nunca se concederon axudas para gafas de sol graduadas.

Begoña González de Prado apunta que as gafas de sol graduadas concedéronse nalgún caso.

Marcos Estévez Orge indica que nestes dous casos son graduadas.

A xefa do servizo de retribucións e a Xerenta están de acordo en que si se vai conceder esta axuda debería matizarse na convocatoria.

A xefa do servizo de retribucións apunta que ningunha das dúas solicitudes aportan o informe do facultativo xustificativo da necesidade das gafas de sol graduadas que se esixe na convocatoria.

Generosa Fernández opina que a argumentación que achega unha das solicitudes en referencia á recomendación da O.M.S. no relativo ao uso das gafas de sol serviría para calquera gafa graduada.

Luís considera que se podería ter en conta o informe que achega unha das solicitudes expoñendo a hipersensibilidade á luz da persoa beneficiaria, ao que Generosa aporta que non é un informe médico no que aparece esa información.

A Xerenta confirma que non é informe médico, e apunta xunto coa xefa do servizo de retribucións que os oftalmólogos da Seguridade Social non gradúan nin revisan a vista, senón que teñen delegada esta función nos establecementos ópticos.

A Xerenta pide que no caso de utilizar como criterio de exclusión o feito de non ter achegado informe médico é preciso que se aclare. Luís insiste en que a postura que defende é que o texto da próxima convocatoria non presente modificacións.

A Xerenta considera que os criterios que se adopten para as incidencias que se están a tratar nesta reunión poderíanse incluír na nova convocatoria.

Para Generosa Fernández o criterio de exclusión é evidente, pois na documentación específica que establece a convocatoria para as axudas aos tratamentos de saúde, establécese no punto 2 a necesidade de achegar informe médico, e ningunha das dúas solicitudes o aporta.

Jose Sóñora apunta que polo mesmo criterio tampouco se concederían axudas para calquera tipo de gafas graduadas, pois non achegan informe médico.

Marcos Estévez informa que os condutores da universidade teñen como EPI (Equipo de protección individual), dentro de prevención de riscos laborais, as gafas de sol graduadas.

Generosa insiste en que non achegan informe médico, e esa é unha causa de exclusión.

Luís Pérez considera que esas axudas non teñen cabida na convocatoria.

Marcos Estévez preferiría non ter que volver tratar outra vez este tema nas seguintes convocatorias, a xefa do servizo de retribucións informa que a acta da presente reunión implica que este punto xa non se leve máis á comisión.

A xerenta solicita que se aclare este aspecto na convocatoria. A Comisión acorda denegar as reclamacións relativas ás gafas de sol graduadas porque non aportan o informe do facultativo xustificativo que se esixe na convocatoria.

En relación ás solicitudes de axuda de fisioterapia, Generosa ten dúbidas nunha delas, na do tratamento para o “bruxismo”, pois non é un tratamento que ofrezca a Seguridade Social, pero a solicitude non achega informe médico.

Marcos Estévez considera que no caso de denegar a axuda por non presentar informe médico quedaría aberta a posibilidade de que o solicitante a presentara, mentres que se se denega por ser a fisioterapia unha axuda excluída da convocatoria non hai máis que dicir.

Acórdase que se deneguen as solicitudes desa axuda por ser un tratamento cuberto pola seguridade social.

A Xefa do servizo de retribucións informa que coa nómina do mes de setembro de 2019 aboaranse as axudas da convocatoria do Fondo Social 2018.

4. Informe anticipos 2018.

A xefa do servizo de retribucións aclara que o informe tamén inclúe as solicitudes presentadas ata o momento dentro do ano 2019 e engade que non está habendo problemas.

Marcos Estévez pregunta acerca da cancelación dos anticipos, quere saber se é posible cancelalos.

A xefa do servizo de retribucións informa que esa posibilidade si existe.

5. Aprobación da convocatoria 2018.

A Xerenta informa á comisión de que a nova convocatoria xestionarase a través de sede electrónica, e por esta razón ata o mes de novembro non se poderían presentar as solicitudes, aínda que a convocatoria si se podería publicar con anterioridade a esa data. Recordá á comisión que na reunión do mes de marzo falouse de que se modificaría o texto para a próxima convocatoria agardando ás eleccións do PDI, que agora xa están resoltas, aínda que as do PAS atópanse todavía en proceso.

Luís Pérez considera que para a toma de decisións a comisión non "casa", que como hai esas eleccións pendentes, a próxima convocatoria debería saír sen modificacións, e unha vez rematado o proceso electoral tratar os posibles cambios de xeito proporcional en base aos resultados das eleccións.

Generosa indica que ela quere levar á xunta de PDI a proposta da convocatoria, pero que aínda é cedo porque se constituíron en xullo e non tiveron tempo.

Luís apunta que habería que esperar ao ano 2020 para tratar as modificacións.

Debido ao debate que se establece a Xerenta quere saber se a comisión non está representada por todos os órganos.

Luís Pérez explica que esta comisión dende o principio era unha representación sindical.

Generosa non quere voltar aos inicios, pois ela mesma e Begoña González de Prado están nomeadas polos seus órganos de goberno.

Luís Pérez informa de que o comité de Ourense non tivo representación nesta comisión durante anos. A anterior vicexerencia de Recursos Humanos propuxo que a composición desta comisión fora proporcional aos resultados electorais. Considera que a acción social é máis do que se trae á mesa, e algúns temas afectan só ao PDI e outros só ao PAS, así que insiste en que o voto debe ser proporcional á representación que teña cada colectivo; hai un diñeiro para a parte social e é a parte social a que debe tomar esa decisión.

Generosa engade que leva 6 anos nesta comisión e dende o principio escoita cuestionar a súa presenza nela. Por outra banda, solicita que se pospoña a convocatoria polo menos un mes para reunir ao órgano colexiado e poder facer propostas.

Marcos Estévez está de acordo con Generosa en esperar para sacar a convocatoria e non aprobala agora, para poder tomar decisións.

Luís cre que é máis operativo sacar esta convocatoria hoxe e despois das eleccións facer unha comisión proporcional.

Federico Fernández indica que non quere profundizar, que entende as dúas posturas pero non se vai decantar por ningunha delas.

José Sónora tamén entende as dúas posturas e decide non aprobar a próxima convocatoria nesta reunión, prefire tratalo primeiro no seu órgano.

Generosa e Marcos Estévez consideran que habería que facer acción social de verdade.

A Xerenta propón unha reunión para finais do mes de setembro, principios de outubro, dando unha semana para presentar alegacións.

A xefa do servizo de retribucións adianta que o borrador da convocatoria será o mesmo.

Luís Pérez apunta que non hai criterio para efectos das votacións.

6. Rogos e preguntas.

Generosa pediría información da masa salarial con indicación de como se reparten os cartos do conxunto da acción social.

Luís Pérez pediría o reparto de cada axuda por apartados, como se viña facendo.

A xefa do servizo de retribucións indica que mentres non se remate esta convocatoria de acción social non se pode facer ese informe.